

# ***PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA***

## ***DEPARTAMENTO FRANCÉS***

### ***CURSO 2022/2023***

***2ºESO, 4ºESO***

***E***

***2º BACHERELATO***

### **ÍNDICE (ESO) (p.2-p.41)**

1. **Introducción e contextualización.**
2. **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competencias.**
3. **Concreción dos obxetivos para a ESO.**
4. **Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábeis de :**
  - 4.1 **a. Temporalización**
  - 4.2 **b. Grao mínimo de consecución para superar a materia**
  - 4.3 **c. Procedementos e instrumentos de avaliación**
  - 4.4 **d. Contidos mínimos: lexicais e gramaticais (Incluindo aqueles non impartidos o curso pasado debido á pandemia)**
  - 4.5 **Temporalización fina**
- \* **CURSO 2º ESO (a,b,c)**
- \* **curso 4ºESO**
5. **Concreción metodolóxicas que require a materia e materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.**
6. **Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.**
7. **Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.**
8. **Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**
9. **Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios dos contidos progresivos.**
10. **Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados**
11. **Medidas de atención á diversidade.**
12. **Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda**
13. **Actividades complementarias e extraescolares programadas**
14. **Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

### **PROGRAMACIÓN BACHERELATO (p. 42 ata ó final)**

1. **Programación para 2º de Bacherelato**
2. **Concreción metodolóxicas que require a materia e materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.**
3. **Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.**
4. **Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.**
5. **Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**
6. **Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios dos contidos progresivos.**
7. **Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**
8. **Medidas de atención á diversidade.**
9. **Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda**
10. **Actividades complementarias e extraescolares programadas**

11. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
12. Actividades complementarias e extraescolares programadas
13. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. (p.103)

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### 1.1 INTRODUCCIÓN

A Unión Europea defínese a sí mesma como unha comunidade multilingüe. O concepto de multilingüismo fai referencia tanto á capacidade dunha persoa para utilizar varios idiomas como á coexistencia de diferentes comunidades lingüísticas nunha zona xeográfica determinada.

O consello de Europa no seu documento Marco de Referencia Europeo das Linguas considera a aprendizaxe das linguas estranxeiras como unha prioridade para os cidadáns de Europa xa que favorecerá a construción dunha Europa pluricultural e plurilingüe promovendo o coñecemento das distintas linguas e culturas e así aumentar o respecto por estas e a interacción entre a cidadanía europea.

Mediante o estudo de linguas estranxeiras, o alumnado debe adquirir competencia comunicativa nesas linguas e desenvolver unha certa tolerancia e competencia sociocultural que lle permita actuar con propiedade nun contexto sociocultural propio da outra cultura. Todo isto debe facilitar a mobilidade plena das persoas e o intercambio democrático de ideas.

Ó iniciar esta etapa de Educación Secundaria Obrigatoria, o alumnado entrará posiblemente en contacto por primeira vez cunha segunda lingua estranxeira. Trátase pois nos primeiros cursos de familiarizalo con ela para a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas e, progresivamente, lograr un dominio comunicativo suficiente para desenvolverse en situación sinxelas e habituais da vida cotiá, e tamén noutras conectadas coas súas motivacións e intereses.

Os contidos e criterios de avaliación deste currículo están distribuídos por cursos, cunha gradación de nivel de logro que segue as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia. Esta especificación de contidos para cada curso debe ser interpretada como un continuo de partes unidas entre si, no que se irán construíndo progresivamente as aprendizaxes das distintas habilidades comunicativas.

### 1.2 CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Primeiro de Marzo é un centro ubicado no Concello de Baiona. O alumnado deste instituto presenta unha notable heteroxeneidade, pois aínda que a maioría do alumnado procede do medio rural, algúns deles viven en núcleos urbáns.

Isto conleva que un gran número deles teñen dificultades para acceder a medios como unha biblioteca municipal ou unha boa conexión a Internet, e outros poden acceder a ambos medios, o cal lles facilita o seu labor académico. O mesmo ocorre co tempo empleado nos desprazamentos ó centro escolar.

## Departamento

Neste curso, o Departamento está formado pola Xefa de Departamento, Sofía Montes Vázquez, profesora con destino definitivo que impartirá 19h de docencia. As outras 5h do departamento impartiraas unha profesora do departamento de lingua Filosofía, María Brañas Costas. De esas 5 horas, 3 corresponden a un 4ºESO e 2 a un 1ºESO.

Nesta programación só tratarei os cursos que non corresponden a entrada en vigor da LOMLOE. Os cursos correspondentes a 2ºESO, 4ºESO e 2ºBacharelato.

O alumnado queda distribuído do seguinte xeito:

2 ESO A : 22 alumnos/as

2 ESO B : 16 alumnos/as

4ºESO A: 15 alumnos/as

4ºESO B: 18 alumnos/as

2ºBacharelato: 26 alumnos/as

O departamento de francés consta neste curso académico de **97alumnos/as en 2ºESO e 4º ESO.**

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.**

Segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG luns,29 de xuño de 2015), no marco da proposta realizada pola Unión Europea identificáronse sete competencias clave: **1. Comunicación lingüística (CCL). 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). 3. Competencia dixital (CD). 4. Aprender a aprender (CAA). 5. Competencias sociais e cívicas (CSC). 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). 7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A materia de francés, dado que é unha lingua estranxeira, contribúe en maior medida ao desenvolvemento da Competencia en comunicación lingüística. Pero tamén contribúe á competencia dixital, á competencia para aprender a aprender, competencias Sociais e cívicas, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, e Conciencia e expresións culturais.

### **1. Comunicación lingüística**

Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten:

- Expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións,
- Dialogar,
- Formarse un xuízo crítico e ético,
- Xenerar ideas, estruturar o coñecemento,
- Dar coherencia e cohesión ó discurso e ás propias accións e tarefas,
- Adoptar decisións e disfrutar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita, todo o cal contribúe, ademais ó desenvolvemento da autoestima e da autoconfianza.

#### **a. Desenvolver habilidades comunicativas para interactuar de forma competente nas diferentes esferas da actividade social.**

Comunicarse e conversar son accións que supoñen habilidades para establecer vínculos e relacións constructivas cos demais e co entorno, así como acercarse a novas culturas, que adquiren consideración e respecto na medida en que se coñecen.

Por iso, a competencia de comunicación lingüística está presente na capacidade efectiva de convivir e de resolver conflitos.

A lingua, como ferramenta de comprensión e representación da realidade, debe ser instrumento para a igualdade. A comunicación será o eixe da resolución pacífica de conflitos na comunidade escolar.

**b. Ser capaz de escoitar, falar e conversar en francés.**

Escoitar, expoñer e dialogar implica ser consciente dos principais tipos de interacción verbal, ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas e adaptar a comunicación ó contexto. Supón tamén a utilización activa e efectiva de códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas e das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións, para producir textos orais adecuados a cada situación de comunicación

**c Ser capaz de expresarse en francés, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a lingua apropiada a cada situación.**

**d Saber ler textos en francés e así ampliar coñecementos e favorecer o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.**

Ler e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recopilar e procesar información, e ser competentes á hora de comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas. A lectura facilita a interpretación e comprensión do código que permite facer uso da lingua escrita e é, ademáis, fonte de placer, de descubrimento de outros entornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber, todo o cal contribúe a súa vez a conservar e mellorar a competencia comunicativa.

**e. Interpretar diferentes tipos de discursos en contextos e con funcións diversas.**

Comprender e saber comunicar son saberes prácticos que se deben apoiar no coñecemento reflexivo sobre o funcionamento da lingua e as súas normas de uso, e implican a capacidade de tomar a lingua como obxecto de observación e de análise. Expresar e intepretar diferentes tipos de discurso acorde á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais implica o coñecemento e a aplicación efectiva das regras de funcionamento do sistema da lingua e das estratexias necesarias para interactuar lingüísticamente dunha forma adecuada.

**f. Recoñecer e aprender as regras de funcionamento do francés a partir das linguas que xa coñece.**

A habilidade para seleccionar e aplicar determinados propósitos ou obxetivos ás accións propias da comunicación lingüística (o diálogo, a lectura, a escritura, etc.) está vinculada a algúns trazos fundamentais desta competencia, como as habilidades para representarse mentalmente, interpretar e comprender a realidade, e organizar e auto regular o coñecemento e a acción dotándoos de coherencia. Así mesmo, a interpretación e uso de líneas do tempo, exes cronolóxicos, gráficos e outros medios de representar a realidade na Historia, incide na adquisición das mesmas habilidades.

**2. Competencia dixital**

- a. Acceder a todo tipo de información que se pode encontrar en francés.
- b. Utilizar o francés para comunicarse con outras persoas a través do correo electrónico, foros, redes sociais, etc
- c. Crear contextos sociais e funcionais de comunicación.
- d. Aproveitar os recursos dixitais para contactar con modelos lingüísticos diversos.

**3. Competencia para aprender a aprender**

- a. Utilizar a linguaxe para interpretar e representar a realidade, construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.
- b. Reflexionar sobre a propia aprendizaxe.

- c. Xestionar de maneira eficaz os procesos de aprendizaxe.
- d. Coñecer e usar estratexias e técnicas específicas de aprendizaxe.
- e. Usar fontes diferentes para a recollida de información.
- f. Emplear mecanismos adecuados de selección e tratamento da información.
- g. Utilizar de maneira eficiente recursos e técnicas de traballo intelectual.

#### **4. Competencia sociais e cívicas**

- a. Utilizar o francés como vehículo de comunicación transmisión cultural.
- b. Recoñecer e aceptar, mediante o coñecemento do idioma, as diferenzas culturais e de comportamento.
- c. Intercambiar información persoal en francés para reforzar a identidade dos interlocutores.
- d. Aproveitar a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos demais, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, e favorecer o feito de aprender cos outros.

#### **5. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

- a. Adquirir conciencia de valores e actitudes tales como a responsabilidade, a perseveranza, o autoconhecimento, a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, asumir riscos...
- b. Ser capaz de elixir con criterio propio, imaxinar proxectos e levar adiante accións tanto no plano individual como en grupo.
- c. Conseguir transformar as ideas en accións pasando polas fases de análise, desenvolvemento, planificación, toma de decisións, actuación, avaliación, auto avaliación, conclusións e posibles melloras.
- d. Dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo. Poñerse no lugar do outro, valorar as súas ideas, dialogar e negociar, ser asertivos e traballar de forma cooperativa e flexible, ter espírito de superación e asumir riscos.

#### **6. Competencia artística e cultural. Conciencia e expresións culturais.**

- a. Aproximarse mediante o estudo da lingua a outros autores que contribuíron dende distintas áreas á manifestación artística.
- b. Expresar en francés opinións, gustos e emocións que producen as diversas manifestacións culturais e artísticas.
- c. Realizar traballos creativos individualmente e en grupo.
- d. Realizar representacións de simulacións e narracións.

### **3. CONCRECIÓN DOS OBXETIVOS PARA A ESO**

O obxectivo desta programación, coherente cos currículos oficiais é formular os aspectos indispensables para que o alumnado acade ó final do curso correspondente as competencias básicas que lle permitan desenvolverse nos seguintes niveis, sempre atendendo ás súas características e necesidades particulares e traballando, en cada unidade didáctica, as destrezas ou habilidades lingüísticas.

A programación ten un carácter flexible e aberto, podendo ser adaptada ás necesidades que se presenten nas aulas, polo que é susceptible de modificacións.

#### **A. Obxectivos adaptados ao contexto.**

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ós demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, na lingua da comunidade, en galego, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia, propias e alleas, así como o patrimonio artístico e cultural.

#### **B. Obxetivos da materia de francés**

Os obxectivos que persegue o Departamento corresponden naturalmente cos que se marcan para a área da segunda lingua estranxeira; con todo, consideramos fundamental que o alumnado sexa capaz de:

- a) escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- b) expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, adecuada e cun certo nivel de autonomía.
- c) ler e comprender textos diversos dun nivel adecuado ás capacidades e aos intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- d) escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.
- e) utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
- f) desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferirlos á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
- g) utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e a comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
- h) apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.
  - i) Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
  - j) Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

#### 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE DE:

- a. Temporalización
- b. Grao mínimo de consecución para superar a materia
- c. Procedementos e instrumentos de avaliación
- d. Contidos mínimos tanto lexicais como gramaticais

#### Bloque 1. Comprensión de textos orais - 2º ESO

Estándares	Temporalización			Mínimos	*Procedimentos de avaliación		
	I	II	III		CE-LE-TI-T2	Obs. Directa	Pruebas (exámenes)
					10%	10%	80%
SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.)	X		X	Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais como :  *Os seus gustos alimentarios, a comida  *A sua familia		X  X	X
SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.	X  X  X		X  X	Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas como :  *Falar ao teléfono e quedar con algúen  *Aceptar ou rexeitar unha invitación  *Pedir, dar ou rexeitar ou permiso  * Falar do seu estado físico  * Indicar un camiño		X  X  X  X	X  X  X  X



						X	
<p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p>	X X X		X	<p>Comprende o sentido global e a información máis relevantes de textos orais breves (diálogos), con léxico relacionado coa aula como :</p> <p>*Conversación telefónica.</p> <p>*Os servizos/ tendas dunha cidade.</p> <p>*A comida.</p> <p>*Elaboración sinxela dunha receita.</p>		X	X  X  X X
<p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.</p>	x	X	X	<p>Comprende a información esencial en conversas breves nas que participa que traten sobre temas como :</p> <p>*A alimentación.</p> <p>*O estado de saúde / estado físico.</p> <p>*A familia.</p>		X X  X	X  X

**Bloque 2. Producción de textos orais - 2º ESO**

Estándares	Temporalización			Mínimos	*Procedimientos de avaliación		
	I	II	III		CE-LE-TI-T2	Obs. Directa	Pruebas (exámenes)
					10%	10%	80%
SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala.	X	X	X	Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda		X	
SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar	X	X	X	Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis habituais e colabora para entender e facerse entender.  Fai e responde preguntas sinxelas sobre si mesmo/a sobre actividades moi comúns da vida social diaria relativas aos contidos do seu nivel escolar.		X	
SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas				Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situación moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre :			

relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.	X	X	X	Os seus gustos alimentarios Indicación dun camiño A súa familia		X X X	
SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.	X	X	X	Participa en conversas informais breves e moi básicas e establece contacto social elemental nestas circunstancias :  Propoñer unha actividade Felicitar / invitar Pide e da indicación para ir a un lugar		X X X	

### Bloque 3. Comprensión de textos escritos - 2º ESO

Estándares	Temporalización			Mínimos	*Procedimentos de avaliación		
	I	II	III		CE-LE-TI-T2	Obs. Directa	Pruebas (exámenes)
					10%	10%	80%
SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	X	X	X	Comprende con fluidez textos adaptados.		x	

SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	X	X	X	Comprende consignas básicas se contan con apoio visual.		X	
SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	X			Comprende información básica na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos e intereses referidos a temas moi cotiáns como :  *A descripción sinxela dunha cidade (servizos, tendas.)  *Os gustos alimentarios – a comida.		X	X
	X					X	X
SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia				Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo con apoio visual  *as etapas da elaboración dunha receta.		X	X

**Bloque 4. Producción de textos escritos - 2º ESO**

Estándares	Temporalización			Mínimos	*Procedimientos de evaluación		
	I	II	III		CE-LE-TI-T2-	Obs. Directa	Pruebas (exámenes)
					10%	10%	80%
SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	X	X	X	Elabora textos sinxelos empregando expresións traballadas previamente en clase como :  *Indicar os seus gustos alimentarios (j'aime, je n'aime pas, je déteste, j'adore)  *Indicar un camiño.  *Redactar unha receita (4 etapas)	X     X X		X     X X
SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.		X		Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica relativa a:  *a descripción do seu animal de compañía (se non o teñe, un animal que lle gustaría ter)			X
SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.			X	Escribe tarxetas postais, felicitacións (ano novo, cumple, Nadal..) e invitacións moi sinxelas e breves.	X		X

SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.	X		X	Escribe correspondencia moi breve e sinxela a partir dun modelo substituíndo unha palabra ou expresión por outra para :  *propoñer unha actividade a alguén.  *contar unha viaxe en pasado.	X		X
					X		X

**Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe -  
2 ºESO**

Estándares	Temporalización			Mínimos	*Procedimentos de avaliación		
	I	II	III		CE-LE-TI-T2	Obs. Directa	Pruebas (exámenes)
					10%	10%	80%
SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	X X  X	 X  X  X	  X   X	Identifica sons e grafías de fonemas básicos como :  *Ch ( de cheval)  *As vocais nasais  *A vocal “e” (muda, pronunciación aberta y cerrada)  *A entonación en formas interrogativas e acento tónico.  *Produce con suficiente intelixibilidade léxico (o 50% do léxico de cada unidade do libro previamente indicado)		  X  X  X	     X

SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.	X	X	X	Utiliza de forma adecuada as convencións orais e escritas básicas propia da lingua estranxeira e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais		X	
SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	X	X	X	Nas actividades de aula, pode facer hipótesis de significados.		X	
SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, cartéis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe	X	X	X	Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais		X	
SLEB5.5. Comprende e	X	X	X	Utiliza de forma adecuada estruturas sintáctico-			

comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.				discursivas e o léxico necesarios como : *o pronombre “on” *as preposicións “à” e “chez” *on pronombres reflexivos *os artigos « partitifs » *a numeración ordinal * os pronombres COD- COI *o femenino irregular *o futuro próximo *o passé composé con “avoir” dos verbos que acaban en « er » e « ir » * os participios irregulares de « avoir, être, faire » * os adverbos en « ment » *Os pronombres relativos “qui, que”  E utiliza o léxico necesario (o 50 % do léxico de cada unidade previamente indicado)			
	X	X	X		X	X	X
					X	X	X

**Procedimentos de avaliación :**

\*10% :

TI : traballo individual (redacción, cuestionario)

T 2 : traballo por parella (esencialmente diálogos)

CE : Cuaderno, fichas (tarefas en casa)

LE : Libro del alumno (tarefas en casa e en clase)

\*10 % :

Obs. dir : observación directa : participación, expresión oral, esforzos, interés.



**Contidos lexicais, gramaticais e fonéticos mínimos para a obtención positiva da materia.**

**LEXIQUE**

- Vocabulaire de la ville
- Vocabulaire des aliments
- Le corps humain et les maladies
- Les animaux
- Les utensiles de cuisine et les recettes
- Vocabulaire du temps
- Vocabulaire de la famille

**GRAMMAIRE**

- Le pronom ON
- Les pronoms réfléchis
- Chez ou à
- Il faut
- L'impératif à la forme affirmative et négative
- Quelques verbes du 3<sup>o</sup> groupe
- Les articles partitifs
- La négation
- Les pronoms relatifs qui/que/où
- Particularités des verbes du 1<sup>o</sup> groupe
- Les adjectifs numéraux ordinaux
- Les adverbes de quantité
- Combien/ combien de
- Le féminin et le pluriel
- Expressions de temps
- Les compléments d'objets direct et indirect
- Le futur proche
- Le passé composé

**PHONÉTIQUE**

- Les voyelles.
- Les semi-voyelles.

- Quelques groupes consonnatiques importants pour la prononciation.

### Bloque 1. Comprensión de textos orais – 4º ESO

Estándares	Temporalización			Mínimos	Procedimientos de avaliación		
	I	II	III		CE-LE-TI-T2	Obs. Directa	Pruebas (exámenes)
					10%	10%	80%
<p><b>SLEB1.1.</b></p> <p>Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas</p>	X	X	X	Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa e saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala.		X	
<p><b>SLEB1.2</b></p> <p>Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p>	X	X	X	<p>Capta a información máis importante de indicacións e diálogos breves articulados de maneira lenta e clara como :</p> <p>*proponer ou suxerir algo, facer unha suposición.</p>		X	

<p><b>SLEB1.3</b></p> <p>Capta a información máis importante de indicacións e diálogos articulados de maneira lenta e clara como :</p> <p>Falar por teléfono de xeito formal, facer unha petición de maneira tamén formal, pedir información nun hotel, informarse sobre unha viaxe, dar as grazas por un regalo.</p>				<p>Entende os puntos principais do que se lle di en circunstancias cotiás como :</p> <p>*Pedir e dar informacións</p> <p>*Informarse sobre un horario (dun bus, un tren...)</p> <p>nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas previamente traballadas.</p>		X	
<p><b>SLEB1.4</b></p> <p>Comprende, nunha conversa informal na que participa, descripcións, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p>	X	X	X	<p>Comprende, nunha conversa formal, nun rexistro máis formal que ata anos anteriores aspectos como :</p> <p>Falar por teléfono</p> <p>Facer unha reclamación</p> <p>Pedir información nun hotel</p> <p>Informarse sobre unha viaxe</p> <p>Aconsellar a alguén sobre algo</p> <p>Saber dar as grazas por un regalo.</p>		X	X X X X X X
<p><b>SLEB1.5.</b></p> <p>. Comprende, nunha conversa formal na que participa, preguntas sobre asuntos de tipo administrativo (por exemplo: facer uha petición, unha reclamación, etc.), sempre</p>	X			<p>Comprende, nunha conversa formal na que participa preguntas sobre asuntos como:</p> <p>Proponer ou suxerir, nun hotel, nunha axencia de viaxe.</p>		X	X

que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.							
SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.	X	X		Identifica as ideas principais de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas como :  *un resumen dun libro  *un relato dunha viaxe			

### Bloque 2. Producción de textos orais – 4º ESO

Estándares	Temporalización			Mínimos	*Procedimentos de avaliación		
	I	II	III		CE-LE-Ti-T2	Obs. Directa	Pruebas (exámenes)
					10%	10%	80%
SLEB2.1. Fai presentacións ensaiadas, sobre aspectos concretos de temas xerais , e responde a preguntas de oíntes.	X X			Fai exposicións sobre aspectos concretos de temas xerais como:  * Facer suposicións  *Pedir información sobre os precios dun hotel  *Informarse e contar unha		X	

		X		viaxe		X	
			X	*Facer unha promesa			
			X	*Expresar o desagrado		X	
				*Falar sobre a Unión Europea			
			X			X	
			X				
						X	
SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.	X			Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións cotiás como:			
	X			*Expresar os seus gustos			
	X			*Pedir e dar a súa opinión			
	X			*Comparar elementos		X	
	X			*Pedir e dar información		X	
	X			Informarse sobre un horario		X	
	X			*Comprender un anuncio (especialmente nunha estación de tren)			
	X			*Dar un consello		X	
	X			*Expresar o acordo e o desacordo			
		X		*Propoñer a súa axuda a alguén			
			X	Seguindo normas de cortesía básicas como o uso da forma de cortesía "vous"			
SLEB2.3. Participa en conversas formais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambiase información e	X	X	X	Participa en conversas formais breves cara a cara ou por teléfono nas que se intercambia información e expresan a opinión .		X	

expresanse opinións de xeito sinxelo e breve, fanse invitacións e ofrecementos, pidense e ofrecense cousas, pidese e danse indicacións ou instrucións, ou discutense os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.							
SLEB2.4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.	X	X	X	Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal ou entrevista expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais.		X	

### Bloque 3. Compresión de textos escritos – 4º ESO

Estándares	Temporalización			Mínimos	*Procedimentos de avaliación		
	I	II	III		CE-LE-TI-	Obs. Directa	Pruebas (exám

					T2 10%	10%	enes) 80%
SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.	X			Capta o sentido xeral e algún detalles importantes de textos xornalísticos moi breves con apoio dos títulos e das ilustracións		X	X
SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente			X	Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento de aparellos de uso cotián.		X	X
SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; narranse acontecementos pasados, e expresanse de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.		X		Comprender correspondencia persoal sinxela na que se fala de si mesmo/a, se describen obxectos e actividades, narranse acontecementos pasados.		X	X

SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).		X		Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal		X	
SLEB3.5. Entende información formal sobre un centro educativo, sobre unha viaxe a realizar, sobre as características e prezos dun hotel.				Entende información esencial formal nunha situación telefónica ou nunha conversa directa.		X	

Bloque 4. Producción de textos escritos – 4º ESO

Estándares	Temporalización			Mínimos	*Procedimentos de avaliación		
	I	II	III		CE-LE-TI-T2	Obs. Directa	Pruebas (exámenes)
SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo,	X			Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social na que se intercambia información, describense en termos sinxelos sucesos e experiencias como :  *falar das súas preferencias en gustos  *contar a súa xornada do día	10%	10%	80%



cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans).	X			anterior e o do fin de semana anterior (passé composé)  *relatar en pasado as súas viaxes  *descripción de sí mesmo/a en pasado (imperfecto)  *falar dos seus gustos en canto as normas nun centro educativo	X  X  X  X		X  X  X  X  X
SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).	X		X	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións como :  *os seus gustos de lectura, viaxes  *as súas preferencias e as súa experiencia coa música, cos deportes, no instituto	X  X		X  X
SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes, introducindo tamén no francés familiar.			X	Escribe mensaxes (móvil) onde fai comentarios moi breves relacionados con actividades e situación da vida cotiá	X		
SLEB4.4. Escribe correspondencia formal moi , dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais,		X		Escribe correspondencia formal moi básica e breve para solicitar información respectando as convencións formais de cortesía.		X	

fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.							
--	--	--	--	--	--	--	--

**Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe**  
**4º ESO**

Estándares	Temporalización			Mínimos	Obs. Directa	Pruebas (exámenes) 80%
	I	II	III			
SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, pronunciación da –e- en posición final etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	X	X	X	*Produce con suficiente intelixibilidade léxico (o 50% do léxico de cada unidade – previamente avisado- do libro)  *Distingue fonemas como as consonantes finais.  *Sabe pronunciar certos números máis difíciles.  *Coñece os sons: [aj],[oej],[Ej],[uj]  *sabe facer entonacións	X	X
SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e	X	X	X	Utiliza de forma adecuada as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira e amosa respecto polas diferencias culturais que poidan existir.	X	

escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.						
SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	X	X	X	Nas actividades de aula, pode facer hipótesis de significados.	X	
SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais sobre lugares de Francia ou da Francafoníaetc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	X	X	X	Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais.	X	

## Contidos mínimos lexicais, gramaticais e fonéticos para a obtención positiva da materia de 4ºESO

### LEXICAIS

- Révision des années antérieurs.
- Décrire les états d'âme et les sentiments.
- Vocabulaire dans une lettre formelle.
- Connaître le lexique informel et amical.
- Certaines connaissances du français familier.
- Le collège: tout ce qu'il y a dans un collège ou lycée.
- Certaines expressions avec les animaux.
- Connaître un peu le lexique de l'Union Européenne.

### GRAMMATICAUX

- Révision de la grammaire des années antérieures.
- La formation du féminin.
- Le futur simple des verbes réguliers et irréguliers.
- Les pronoms personnels: COD, COI, toniques, réfléchis
- Les pronoms possessifs.
- L'emploi des verbes auxiliaires dans le passé composé.
- Les verbes auxiliaires avec les verbes transitifs et intransitifs.
- Connaître un peu la grammaire du français parlé.
- Introduction avec le pronom **EN et Y**
- Le conditionnel présent des verbes réguliers et irréguliers.
- Faire une hypothèse à l'imparfait.
- Les pronoms démonstratifs.
- Certaines expressions de temps.
- Les articles partitifs.
- AUSSI-NON PLUS
- Verbes irréguliers du troisième groupe
- La négation. La négation aux temps composés.
- Le pluriel en français.
- Le discours indirect et direct.

### PHONÉTIQUES

- Les voyelles.
- Les semi-voyelles.
- Quelques groupes consonnatiques importants pour la prononciation.

## Procedimientos de avaliación para 2ºESO , 4ºESO

\*10% :

TI : trabajo individual (redacción, cuestionario)

T 2 : trabajo por pareja (esencialmente diálogos)

CE : Cadernos de actividades, cadernos de clase (tarefas en casa e en clase)

LE : Libro del alumno (tarefas en casa e en clase)

\*10 % :

Obs. dir : observación directa : participación, expresión oral, esfuerzos, interés

\*80 % probas ou exames

### 4.5 Temporalización de final de curso

Como libro de texto utilizarán o manual da editorial Vicens Vives. Cada libro ten 6 unidades polo que tentaremos impartir dúas unidades por trimestre, pero dado que en 2ºESO hai só 2 horas as veces resulta difícil terminar todas as unidades. Por esta razón en 2º ESO non compran o “cahier d’exercices”, seguimos utilizando o do curso anterior. Nunha lingua estraxeira os contidos que se aprenden en anos anteriores non deben esquecerse. Nunha lingua adquírense os coñecementos pouco a pouco e vaise aumentado ata lograr un nivel lingüístico perfectamente comunicativo.

No pasado curso 2021/2022 houbo un cambio en canto as probas extraordinarias. Ata agora as probas extraordinarias realizábanse en setembro. Segundo a normativa actual, realizaranse **tres sesión de avaliación parciais** ao longo do curso e **unha avaliación final ordinaria**. Deste xeito a avaliación extraordinaria desaparece.

A 3ªavaliación parcial será a principios de xuño e a avaliación ordinaria a finais do mesmo mes. Aqueles alumnos/as que suspendan algunha avaliación deberán recuperar durante o período comprendido entre a 3ªavaliación, de principios de xuño, e a avaliación ordinaria, de finais de xuño. Deste xeito hai 2 semanas, aproximadamente, para levar a cabo clases de reforzo e recuperación para o alumnado que non aprobe as tres avaliacións parciais. O resto do alumnado que aprobou a principios de xuño ten a obriga de asistir igualmente as clases ata o último día. O departamento debe elaborar un plan para atender a todo o alumnado. A proposta do departamento é que o profesor propoña actividades máis lúdicas para o alumnado que xa ten aprobada a materia.

Actividades propostas polo departamento:

- Visualización dunha película en versión orixinal e subtitulada igualmente en francés.
- Actividades de lectura tanto individual como colectiva.
- Traballar aspectos de civilización.
- Proposta integradora para o alumnado: implicar a unha parte do alumnado aprobado a que explique e axude ós alumnos que deben ir a proba extraordinaria de finais de xuño. Esta última proposta debe estar por suposto supervidada pola profesora ou profesor.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIERE A MATERIA E MATERIAIS E RECURSOS QUE SE VAN UTILIZAR.

### A. Metodoloxía

Empregaranse os métodos da editorial Vicens Vives chamados “Tous ensemble , en “Tous ensemble 2, en 2º ESO, e “Tous ensemble 4 en 4º ESO como referencia para o alumnado, xa que son os libros xa establecidos polo Centro e ademais están no fondo de libros do IES.

Preténdese que os alumnos consigan desenvolver competencias lingüísticas e sociolingüísticas e que poidan certificar ditas competencias.

Para garantir esta eficacia, o profesor levarao a cabo con claridade e rigor, as estratexias e consellos para aprender a aprender. Multiplicará as actividades e as prácticas para todas as competencias, a partir de documentos de variada tipoloxía.

O profesor non transmite coñecementos fóra de contexto, senón que pretende desenvolver todas as competencias cun fin práctico real, competencias que tenderán a aproximarse ás competencias na lingua materna.

***O profesor propón unha aprendizaxe rigorosa da gramática e do léxico, pero que estes nunca representan un fin en si, senón ferramentas para chegar aos fins comunicativos no sentido máis amplo da palabra.***

Posto que se prepara para falar en sociedade, as actividades que mobilizan competencias son múltiples: trátase de practicar en contextos variados diferentes tipos de interacción verbal.

Esta variedade de perfís poderase dar na mesma clase, pero ao final de cada unidade, os alumnos reuniranse para realizar unha tarefa común, concreta, en que compartirán e compensarán uns con outros capacidades e personalidades.

As liñas xerais de actuación serán as seguintes:

**A produción oral** traballarase fundamentalmente mediante a realización de jeux de rôle, o uso do francés como lingua de comunicación na aula, intercambios orais entre profesor e alumnos e a realización de pequenos xogos. A participación dos alumnos na aula debe incentivarse e valoraremos positivamente os seus esforzos por comunicarse en francés. Se insistirá en que o alumnado empregue o francés (dentro das súas limitacións) para comunicarse co profesor e cos compañeiros. Fomentaremos unha pronuncia intelixible e certa fluidez en fórmulas habituais, evitando corrixir constantemente cuestións gramaticais ou fonolóxicas. Débense corrixir se interfieren na comunicación e a posteriori, unha vez realizada a tarefa, cando non afecte ó desenvolvemento desta.

**A comprensión oral** se traballará mediante a realización de exercicios sistemáticos centrados na comprensión global e específica de documentos sonoros e audiovisuais breves e sinxelos. Procuraremos que os documentos utilizados estean dispoñibles en internet para que os alumnos poidan volver a escoitalos na casa se o desexan. Moitos alumnos desanímanse cando non entenden todo o que se di no documento á primeira, e deixan de esforzarse por intentar comprendelo, aínda que sexa so parcialmente. Insistirase na tolerancia da comprensión parcial e na perseverancia no esforzo de comprensión, escoitando os documentos varias veces. Na aula, o profesor utilizará o francés como lingua de comunicación, o que supón unha exposición do alumno á lingua e unha práctica, polo tanto, desta destreza. Empregarase un vocabulario adecuado ó nivel dos alumnos e procurarase que a dicción sexa clara e que o ritmo non sexa moi rápido.

**A comprensión escrita.** É a destreza na que os alumnos adoitan ter menos dificultades. Sen embargo, algúns bloquéanse cando atopan algunha palabra descoñecida nos textos. Traballaremos estratexias que lles permitan inferir significados e recordarémolles que non é necesario coñecer todas as palabras dun texto para comprender o seu significado global.

**A produción escrita** é quizais a destreza máis difícil para os alumnos, que teñen tamén dificultades par expresarse de forma cohesionada e coherente na súa lingua

materna. Traballaremos esta destreza fundamentalmente a partir de textos modelo que se analizarán para comprobar como se pode redactar un texto ben estruturado cuns coñecementos limitados do idioma. Unha vez traballado o texto modelo e os elementos que fan del un bo texto, o alumno deberá completar a tarefa establecida apoiándose nas expresións e estruturas traballadas.

**A aprendizaxe da gramática e do léxico.** Os exercicios de gramática, ortografía ou léxico introduciranse en función dunha tarefa concreta, para axudar ó desenvolvemento desta, antes dela (como actividade de planificación) ou despois (como actividade de reforzo). Os alumnos realizarán este tipo de exercicios fundamentalmente fóra da aula Evitarase na medida do posible o uso de metalinguaxe nas explicacións e utilizaremos como punto de partida os coñecementos previos do alumnado noutras linguas.

Para procurar o dinamismo na clase e evitar monotonía procuraremos alternar as tarefas relativas ás diferentes destrezas (aínda que daremos prioridade ás actividades de expresión e comprensión oral, máis difíciles de facer na casa) e fomentaremos as actividades comunicativas de tipo práctico e o máis lúdicas posible.

Potenciaremos a motivación do alumnado (factor clave para a aprendizaxe do francés) mediante as seguintes estratexias: valorar os logros dos alumnos (aínda que non alcancen as expectativas), fomentar actividades participativas nas que o alumno sexa protagonista e teña oportunidade de falar, utilizar xogos didácticos, contribuír a un bo ambiente de clase mostrando un interese persoal polos alumnos, plantexar os obxectivos como alcanzables, propoñer exercicios voluntarios e valorar (especialmente nas tarefas de produción escrita) os aspectos positivos ademais de facer notar os erros.

Cada trimestre poderán ver algunha película francesa en versión orixinal e subtitulada en galego ou castelá no 1ºano de francés pero no resto dos cursos será subtitulada en francés, para que tomen contacto co cine francés, cine europeo, ao fin e ao cabo. Tratarase de que en cada trimestre aprendan un pouco de civilización francesa, non ten porque ser únicamente de Francia, xa que hai unha morea de países onde se fala francés. Con axuda de textos, exposicións en PowerPoint ou diapositivas, internet acercarase ao alumnado ao mundo francófono.

## **B.Materials e recursos**

- Libro de texto “Tous ensemble” para 2ºESO
- Caderno de exercicios dos libros correspondentes
- Fotocopias
- Audios e cancións
- Diálogos
- Documentos reais (con ou sen adaptación)
- Vídeos
- Proxector e taboleiro dixital
- Internet
- Ocasionalmente biblioteca ou sala de informática.

## 6. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### a. CONSIDERACIÓNS PREVIAS SOBRE A AVALIACIÓN

#### A AVALIACIÓN INICIAL :

Farase unha avaliación inicial que permite detectar dificultades importantes de aprendizaxe que dificultan a asimilación dos contidos programados, comunicará a situación ao Departamento para adoptar as medidas correctoras na devandita programación e incluír tal decisión na memoria anual do centro. Nesta avaliación inicial o papel do departamento de Orientación é moi importante posto que na maioría dos casos xa coñece as problemáticas de cada alumno.

**A AVALIACIÓN CONTINUA, FORMATIVA E INTEGRADORA** desenvolverase ao longo do curso. A **observación directa na aula** permitirá avaliar moi especialmente os aspectos actitudinais e procedimentais de cada alumno. Esta observación facilitará a detección de necesidades e problemas na aprendizaxe que precisan un prantexamento diversificado e persoal.

Ademais, as actividades/ tarefas na aula posibilitan unha primeira aproximación á avaliación das habilidades comunicativas, da reflexión sobre a lingua e dos aspectos socioculturais.

Xunto coa observación directa o alumnado fará **probos**.

### b. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN: INSTRUMENTOS:

Posto que se entende a avaliación como un proceso total e continuo, ésta ten que estar presente en todo tipo de actividades e non soamente en momentos puntuais. Debe atender a todos os ámbitos da persona, e non só ós puramente cognitivos.

Os procedementos para obter información son os seguintes:

- **OBSERVACIÓN DIRECTA DO TRABALLO NA AULA E NA CASA**

A observación directa do traballo na aula e na casa terá en conta:

**Aspectos procedimentais:** Participación activa nas actividades propostas coa intención de mellorar, realización dos deberes, elaboración de material, orde e limpeza nas devanditas actividades.

**Aspectos actitudinais:** Respeto e tolerancia cara os compañeiros, profesor, aspectos socioculturais da materia nas actividades da clase.



**Esforzos, interés a aprender e que facilite a aprendizaxe dos demais // Decreto 86/2015 do 25 de Xuño**

Puntuarase de **1 a 10** e a súa valoración será **20% da nota de avaliación**

O 20 % se distribuye desta maneira :

\*10% : observación directa (esfuerzo, interés, participación)

\*10% : tarefas (do cuadernillo de exercicios, do libro do alumno, traballo individual o por parella)

- **PROBAS OBXECTIVAS**

**Proporanse probas obxectivas con actividades semellantes ás realizadas en clase.** Procurarase valorar de forma equilibrada a comprensión oral e escrita así como a produción escrita (é dicir, habilidades comunicativas) e a reflexión sobre a lingua.

**A avaliación da expresión oral farase por obsevación directa das distintas actividades orais realizadas en clase, pero tamén con algunha proba ou exame.**

Haberá **dúas ou máis probas obxectivas** xerais para todo o grupo **por avaliación nas que se precisará a puntuación de cada pregunta.**

**Nas probas obxectivas avaliarase as 4 competencias: a comprensión oral (CO), a comprensión escrita (CE), a produción oral (PO) e a produción escrita(PE). En 2ºESO e 4ºESO a parte oral e a parte escrita terán un valor dun 50% cada unha delas. Pero hai que puntualizar que para que faga media débese obter un 4 como mínimo na parte escrita. Normalmente o alumnado obtén bos resultados na parte oral , pero a parte da compresión e expresión escrita soe ter máis dificultade. Esta última require un maior esforzo de concentración; para que non haxe un gran desfase nas notas admítese poder facer media da parte escrita e máis da oral, aínda tendo a parte escrita suspensa, pero ten que obter como mínimo un 4 para poder realizar a media. Nestes dous cursos na parte escrita haberá unha proba de gramática e, na medida do posible intentarase que o alumnado empece a facer redaccións, é dicir, poñer en práctica os coñecementos da gramática. Esta parte resulta máis complexa, pero pouco a pouco hai que ir introducindo este tipo de actividades para que vaian encamiñados a unha interiorización da lingua.**

**Se, na proba obxectiva, se detectase (incluso con posterioridade ó exame) que un alumno ou unha alumna de alguna maneira copiou a súa nota será de “0” na devandita proba.**

Tanto na observación directa como nas probas teranse en contas os criterios de avaliación correspondentes a cada curso que conste na lexislación (normativa).

## **CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

### **a. Criterios de cualificación da materia e promoción do alumno**

Despois da publicación da Orde do 25 de marzo de 2022 é necesario actualizar a programación didáctica e as súas concrecións curriculares. Segundo a normativa actual, realizaranse tres sesión de avaliación parciais ao longo do curso e unha avaliación final ordinaria. Deste xeito a avaliación extraordinaria desaparece. A 3ªavaliación parcial será a principios de xuño e a avaliación ordinaria a finais do mesmo mes. Aqueles alumnos/as que suspendan algunha avaliación deberán recuperar durante o período comprendido entre a 3ªavaliación, de principios de xuño, e a avaliación ordinaria, de finais de xuño.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA MATERIA**

Se o alumno aproba todas as avaliacións, o curso está aprobado.

O cálculo da nota na avaliación ordinaria será a media entre as tres avaliación.

Nesta materia a avaliación é continua e progresiva, séguese a traballar e a avaliar todo o traballado ó longo do curso. De aí a importancia da 3ªavaliación para poder aprobar; pero non, para facer a media tendo as tres avaliacións aprobadas.

#### **Deberá recuperar a materia:**

- Aquel alumnado que suspenda a 3ªavaliación. Pese a ter aprobadas a 1ªavaliación e a 2ªavaliación.
- Aquel alumnado que suspenda dúas avaliacións, sendo estas a 1ª e a 2ª, aínda que a 3ªavaliación a teña aprobada, dado que a carga de contidos é considerable.

O período de recuperación levarase a cabo, segundo a Orde do 25 de marzo de 2022, entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria. Para poder recuperar a materia, o alumnado deberá facer unha serie de tarefas de reforzo dos contidos mínimos. Fichas facilitadas polo profesor, utilización do caderno de actividades, e por último obter un 5 na proba escrita, que se realizará antes da avaliación ordinaria.

#### **Alumnado coa materia aprobada na terceira avaliación:**

- Aquel alumnado que teña as tres avaliacións aprobadas (1ª,2ª,3ª).
- Aquel alumnado que teña unha avaliación suspensa, sempre e cando non sexa a 3ªavaliación.
- O alumnado terá a posibilidade de subir ata 1 punto a súa cualificación na avaliación ordinaria. Poderá subir a nota mediante actividades de reforzo, sobre todo naquelas nas que mostrou máis dificultades ou ben, dependendo do perfil do alumnado, en actividades de ampliación. Todas as tarefas consistirán na mellora da comprensión escrita, da comprensión oral e da produción tanto escrita como oral.

**As notas serán numéricas (de 1 a 10), non se poden poner decimais no boletín.**

Polo que , a hora de redondear farase do seguinte xeito:

- Se un alumno chega ó 0'6, é dicir, obtén un 5'6 de media entre a observación directa, o traballo na clase, na casa e as probas obxectivas, farase un redondeo a alza. É dicir no exemplo exposto obtería na avaliación un 6.
- Se obtívese unha media de 0'5 ou inferior o redondeo sería a baixa. É dicir, se na media das probas obxectivas e na observación directa, traballo, participación na clase e traballo na casa, obtívese un 7'5, no boletín iría un 7.
- Para a obtención do 10 débese chegar ó 9'7 de media entre as probas obxectivas e o traballo na aula e na casa.

**7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, a través dos indicadores de logro incorporados na programación docente.

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Os indicadores de logro permítenos avaliar en cinco niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este feito permítelle ao docente, ó mesmo tempo, avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continúa. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ó conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida do obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solucionar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

#### Valoración por SÍ ou NON

Realizáronse tarefas de expresión oral.

Realizáronse tarefas de comprensión oral.

Realizáronse tarefas de expresión escrita.

Realizáronse tarefas de comprensión escrita.

Traballouse tanto a lingua oral coma a escrita, dándolle a mesma importancia ás dúas. Fomentouse o uso do francés para comunicarse na aula.

Desenvolvéronse estratexias que permitan ós alumnos mellorar a súa comprensión e as súas producións orais e escritas.

Incorporáronse as TIC ós procesos de ensino-aprendizaxe.

Prestouse atención ós elementos transversais.

Conseguíuse espertar o interese do alumnado.

Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.

Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.

Ofreceuse a cada alumno as explicacións individualizadas que precisou.

Combinouse o traballo individual e en equipo.

Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

O peso atribuído a cada unha das destrezas na avaliación foi equilibrado.

Dase un peso real ó traballo realizado na aula, tanto oral coma escrito.

Ofrécense ó alumnado os resultados das probas e traballos.

Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.

O material utilizado foi adecuado.

O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.

Impartíronse todos os contidos programados.

## **8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDIENTES**

Neste curso non hai alumnos que teñan a materia pendiente.

De todos xeitos se houbese. O Departamento orientará ó alumnado coa materia pendente e organizará o calendario de actividades. Serán traballos e exercicios que tentarán acadar un equilibrio entre a comprensión escrita, a produción escrita e o coñecemento da lingua (gramática e vocabulario).

Os alumnos terán que entregar os traballos nas fechas previamente indicadas.

Para superar a materia pendente, habrá que entregar con puntualidade todos os traballos solicitados.

### **Alumnado coa materia pendente pero cursa francés no presente curso :**

Se aproba a 1ª e a 2ª avaliación do presente curso , terá superada a materia pendente. Polo que xa non deberá ir a unha proba. Deberá ir a todas as reunións e entregará as actividades da materia pendente coma o resto do alumnado ata que a 1ª e a 2ª avaliación estean aprobadas.

### **Alumnado coa materia pendente sen estudar francés no presente curso:**

Na primeira reunión entregaráselles por escrito os contidos mínimos do curso no que ten a materia pendente, intentarase dende o departamento, na medida das posibilidades, prestarlles o libro do curso da materia pendente, e todo aquel material que o alumno precise. En maio haberá unha proba escrita dos contidos mínimos entregados ó inicio de curso, aquel alumno que obteña un cinco aprobará a materia pendente, aquel alumno que non obteña unha nota mínima de cinco suspenderá de novo a materia, e terá que examinarse na proba extraordinaria de setembro.

## **9. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑOCEMENTOS NECESARIOS DOS CONTIDOS PROGRESIVOS.**

O profesorado do departamento arbitrará os precedementos que considere necesarios para comprobar que os alumnos van mellorando progresivamente. Poderá facerlo por medio de controles, recollida de traballos, observación en clase, ou calquera outro método que lle sexa útil a tal efecto.

## **10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

### **a. Deseño da avaliación inicial**

Nos primeiros días do curso, tratarase o tema deste punto en xuntanza de departamento.

- No tocante ó primeiro curso da ESO, o alumnado, na meirande parte dos casos, ten contacto coa lingua francesa por primeira vez. Polo tanto, terase en conta esta circunstancia á hora de impartir a materia.

- No cursos , 2º, e 4º da ESO e 2º de Bacharelato, para a realización da avaliación inicial:
  - Terase en conta o seguimento da programación no curso anterior, cualificación da materia en cada alumno e os comentarios existentes sobre o grupo e o alumnado.
  - Nas primeiras clases, por observación directa na aula e mediante actividades escritas e orais, comprobaranse os coñecementos previos do grupo. E se o profesor o considera oportuno algunha proba escrita.

#### **b. Medidas individuais ou colectivas que se poden adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

Ó inicio do curso se lles pedirá que fagan unhas actividades orais de repaso para avaliar o nivel inicial do alumnado. Por outra banda, tamén se recabará información académica (estudios previos de francés, materias pendentes, repetición de cursos, etc.) e persoal (situación familiar, necesidades educativas especiais, etc.) que poida afectar ó proceso de ensino/aprendizaxe.

Neste sentido, pedirase información ós alumnos, ós profesores de anos anteriores e, de ser necesario, á orientadora do centro e ás familias.

Como consecuencia dos resultados da avaliación inicial poderanse tomar as seguintes medidas:

##### Medidas colectivas:

- Repaso de algún tema concreto no que o alumnado teña especial dificultade.

##### Medidas individuais:

- Actividades e exercicios adicionais de repaso e consolidación.

## **11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A atención á diversidade é o conxunto de accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación socio-culturais de todo o alumnado. Polo que cada persoa constrúe o seus novos aprendizaxes segundo as súas características persoais (coñecementos previos, motivacións e intereses, capacidades e ritmos de aprendizaxe...) e factores de tipo social (xénero, contorno familiar, etc...). Isto significa que o feito educativo é algo profundamente ligado á diversidade dos seres humanos. En consecuencia, facemos deste principio o eixo vertebrador do modelo de práctica docente e consideramos a axuda educativa máis personalizada como unha garantía para que as diferencias existentes nos alumnos non impidan o seu desenvolvemento persoal e social nunha sociedade democrática. A atención á diversidade dun alumno dentro dun ensino comprensivo debe, polo tanto, entenderse coma un conxunto de medidas educativas planificadas para procurarlle contextos de aprendizaxe que favorezan ó máximo a socialización e o proceso individual de adquisición dos coñecementos necesarios para desenvolverse e participar na sociedade.

Esta atención personalizada pode realizarse para a maior parte do alumnado no ámbito das actuacións pedagóxicas que configuran a maneira habitual de proceder dos equipos educativos nos centros escolares e nas aulas.

Esta programación contempla estes casos e lles adica unha atención especial a por medio de:

a) Medidas curriculares: un reforzo educativo que afecte ós elementos non prescriptivos do currículo. Isto é: unha metodoloxía específica deseñada por medio de actividades de diversa natureza:

- Iniciación/motivación.
- Coñecementos previos/ evaluación
- Desenvolvemento: introdución de novos contidos.
- Consolidación: contraste das ideas novas coas previas e aplicación.
- De síntesis/resumen: Globalización.
- Ampliación para o alumnado con máis rapidez de aprendizaxe. Neste apartado estaría atendido o alumnado con altas capacidades( A.A.C.C) pero tamén aquel alumnado que vai máis rápido pero que non ten o diagnóstico de altas capacidades. Este apartado fai referencia a un enriquecemento curricular.
- Reforzo para o alumnado que non asimilou os contidos e precisan traballar máis neles.

b) Medidas organizativas: a programación de distintos tipos de agrupamentos na aula que lle permitan ó profesor momentos para a atención individualizada que creen contextos de aprendizaxe colaborativo e faciliten o contacto coas estratexias de aprendizaxe que desenvolven os alumnos máis avanzados, etc.

Traballaremos con grandes grupos para a presentación de temas e debates, motivación, detección de coñecementos previos, presentación de traballos, lecturas, proxeccións, etc...; con grupos reducidos para a realización de actividades relacionadas cos contidos procedimentais e actitudinais, para desenvolver o coñecemento dos outros e a aprendizaxe da responsabilidade no reparto de tarefas; e traballaremos de xeito individual para posibilitar a adaptación ao ritmo de aprendizaxe e ás características de cada alumno, e crear momentos de introspección necesarios para o coñecemento das propias capacidades.

Adaptar as probas a aquel alumnado que necesite un reforzo mediante a utilización de recursos visuais se fose necesario, aumentar o tamaño da letra, deixar máis tempo, asegurarse de que entende cada pregunta ben.

### **Diversificación das ferramentas**

- Prácticas de ampliación:
  - Exercicios suplementarios (tódolos manuais empregados teñen fichas de reforzo e ampliación por unidades).
- Actividades facilitadoras das técnicas de estudio:
  - Apéndices gramaticais.
  - Léxico persoalzado .
  - Dicionarios.
  - Organización do traballo persoal:
  - O caderno persoal (toma de apuntes, presentación, listados de clasificación, sínteses gramaticais...).

## 12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANVERSALS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

A educación ten coma finalidade o desenvolvemento integral do alumno, que non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar ós alumnos para integrarse na sociedade, sabendo responder de maneira adecuada ós problemas que esta sociedade presenta. Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente e manifestarse a través dos temas transversais.

En todos os cursos, trataráanse os temas transversais indicados na LOMCE. Tamén tomaráse en conta os temas que o tutor, a dirección do IES ou o Departamento de Orientación indican.

A materia de Francés, coa lectura de textos variados, préstase á reflexión sobre temas transversais como:

1. Educación para a paz e a cooperación internacional:
  - Educar para a acción. As leccións de paz e o coñecemento de organismos comprometidos coa paz deben xerar estados de conciencia e conductas prácticas.
  - Entrenarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
2. Educación moral e cívica.
  - Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
3. Educación para a igualdade entre ambos sexos.
  - Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
  - Analizar críticamente a realidade e correxir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc...
4. Educación ambiental:
  - Adquirir experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.
  - Desenvolver capacidades e técnicas de relacionarse co medio sen contribuir ó seu deterioro, así como hábitos individuais de protección do medio.
5. Educación para a saúde.
  - Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
6. Educación vial.
  - Sensibilizar ao alumnado sobre os accidentes e outros problemas de circulación.
  - Adquirir conductas e hábitos de seguridade vial como peóns e como usuarios de vehículos.
7. Educación para o consumidor.
  - Desenvolver un coñecemento dos mecanismos de mercado, así como os dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.
  - Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa críticamente ante o consumidor e a publicidade.

Desde a dinámica da aula de lingua trataremos os temas transversais a través de:

- Actividades que se desenvolven en grupo, xa que éstas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.
- Constitución de agrupamentos non sexistas e distribución igualitaria de tarefas. Favorece a igualdade entre os xéneros, sobre todo nesta materia, xa que bastantes alumnos teñen que vencer a dificultade engadida dun ambiente que non favorece o seu interese e gusto natural pola linguas, xa que determinados sectores da nosa sociedade vinculan ó estereotipo feminino aquelas actividades e profesións “de letras”.



-Reflexións morais a partir dos textos e, a partir delas, diálogo na aula.

-Análisis de usos discriminatorios da linguaxe. As unidades de gramática poden ser un bo instrumento para traballar con empregos non sexistas ou racistas da linguaxe e, en xeral, calquera uso que implique unha discriminación a través da lingua.

O problema fundamental que encontra o profesor á hora de traballar cos temas transversais, é que, con demasiada frecuencia, os alumnos responden o que creen que o profesor quere oír e non o que pensan realmente. Para evitar isto, é fundamental que creemos un ambiente de confianza e respecto no que os alumnos poidan expresarse con liberdade e sentan que as súas opinións poden ser utilizadas.

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS PARA A ESO**

Durante este mes de outubro deste curso 2022/2023 levamos a cabo, xunto coa colaboración do departamento de Orientación, un intercambio de alumnos. Fixemos un intercambio co Lycée Pays de Retz. Foron 22 alumnos do IES Primeiro de Marzo. A saída realizouse o martes 4 de outubro e o regreso foi o luns 10 de outubro. O alumnado estivo acollido nas casas dos seus correspondants. Os estudantes franceses estiveron do luns 17 de outubro ó domingo 23 de outubro. Foi un encontro moi enriquecedor posto que o alumnado pudo poñer en práctica os seus coñecementos lingüísticos e o mesmo tempo fixo un esforzo de adaptación importante na integración doutros hábitos culturais.

No 2º trimestre tratarei de traer un contacontos en francés, sobre todo para o alumnado de 1º ESO e 2º ESO.

Outra actividade que me gustaría levar a cabo ó longo, ben do segundo trimestre ben ó longo do terceiro trimestre, sería levar ó alumnado de francés a ver unha película en versión orixinal, nunha sala de cine. Esta actividade sería máis ben para o alumnado de 3º ESO, 4º ESO e 1º Bacherelato. Os de 2º Bacherelato quedarían excluídos debido a que o curso termina moi rápido e teñen as probas ABAU.

### **14. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

En toda práctica docente, un dos aspectos que hai que avaliar, é, sen dubida, a maneira en que os docentes desenvolven o seu labor.

Isto realizarase con sistemas como:

Reflexión do docente sobre a consecución de obxetivos, métodos, idoneidade dos medios empregados en cada curso concreto.

Aportación do Departamento sobre a marcha do curso en diversos aspectos, en base ós resultados académicos obtidos.

Suxerencias e aportacións do departamento de Orientación, profesorado de apoio e outros docentes, así como de Xefatura de Estudos, sobre o rendimento dos alumnos.

Estudo comparativo dos resultados obtidos por un alumno determinado en outras asignaturas do mesmo ámbito, por exemplo, lingua castela, lingua galega, inglés, latín.

O profesor analizará o seu labor para mellorar cada día para contribuir a unha mellora calidade do ensino.

A memoria do fin de curso servirá, tamén, para analizar os aspectos indicados

anteriormente e para mellorar o que sexa necesario no curso posterior.

Nas horas de xefatura de departamento, deberá plasmarse todos estes aspectos no libro de actas do departamento de francés.

Un procedemento a ter en conta será pasar un cuestionario ó alumando para que valore que puntos debe reforzar, e en que puntos se sente máis seguro ou domina máis. Se ben a expresión oral lle custa máis ou ben a comprensión oral, etc.

## BACHARELATO

### 1. INTRODUCCIÓN Y CONTEXTUALIZACIÓN

As características do instituto son as mesmas que ás da ESO. Indicar que neste curso hai alumnado procedente de vilas da contorna do Val Miñor. Pero as características son similares ás de Baiona

Neste curso 2022-2023, hai alumnos para os dous cursos de bacharelato.

2º Bach: 26 alumno/as

### 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

A adquisición de competencias é un longo proceso que abrangue toda a vida de cada ser humano. Iníciase na etapa académica e prosegue na vida adulta. Pero os anos de formación escolar son fundamentais para o posterior desenvolvemento persoal, social e profesional.

Precisamente para favorecer ó máximo este desenvolvemento, identificáronse un grupo de sete competencias, que, polo seu rol vertebrador, denomináronse como Competencias Clave:

- Competencia lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- Competencia dixital
- Aprender a aprender
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- Conciencia e expresións culturais

#### COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa nun contexto social e cultural determinado.

É unha competencia complexa que inclúe tanto aspectos propiamente lingüísticos como sociais, culturais e prácticos.

O seu desenvolvemento artéllase arredor de cinco compoñentes relacionados cos seus ámbitos de aplicación ou dimensións:

- O **compoñente lingüístico** céntrase, principalmente, nas dimensións léxica, gramatical, semántica, fonolóxica, ortográfica e ortoépica.
- O **compoñente pragmático-discursivo** contempla as dimensións relacionadas coa aplicación da linguaxe e os discursos en contextos comunicativos concretos.
- O **compoñente sociocultural** inclúe as dimensións centradas no coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O **compoñente estratéxico** céntrase no desenvolvemento de destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación.
- O **compoñente persoal** potencia a actitude, a motivación e os trazos da personalidade a través da interacción comunicativa.

## COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

### a) A competencia matemática.

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require de coñecementos sobre:

- Os números, as medidas e as estruturas.
- As operacións e as representacións matemáticas.
- A comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

A competencia matemática supón, ao mesmo tempo, o desenvolvemento dunha serie de destrezas que se centran en:

- A aplicación das ferramentas e coñecementos matemáticos a distintos contextos persoais, sociais, profesionais ou científicos.
- A realización de xuízos fundados e de cadeas argumentais na realización de cálculos.
- A análise de gráficos e representacións matemáticas e a manipulación de expresións alxébricas.

Estes coñecementos e destrezas artéllanse en catro áreas interrelacionadas entre si e relativas aos números, á álgebra, á xeometría e á estatística:

- A cantidade céntrase na cuantificación dos atributos dos obxectos, as relacións, as situacións e as entidades do mundo.
- O espazo e a forma inclúen fenómenos da nosa redonda visual e física como propiedades e posicións de obxectos ou decodificación de información visual.
- O cambio e as relacións céntrase nas relacións entre os obxectos e as circunstancias nas que ditos obxectos se interrelacionan.
- A incerteza e os datos son un elemento central da análise matemática presente en distintos momentos do proceso de resolución de problemas.

### b) As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico favorecendo:

- A interacción responsable co medio natural a través de accións que favorezan a conservación do medio natural.
- O desenvolvemento do pensamento científico coa aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas.

Os ámbitos que deben abordarse para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son:

- Sistemas físicos, que están asociados ao comportamento das substancias no ámbito fisicoquímico.
- Sistemas biolóxicos propios dos seres vivos dotados dunha complexidade orgánica que é preciso coñecer para preservalos e evitar o seu deterioro.
- Sistemas da Terra e do Espazo desde a perspectiva xeolóxica e cosmogónica, centrada na orixe do Universo e da Terra.
- Sistemas tecnolóxicos derivados, basicamente, da aplicación dos saberes científicos aos usos cotiáns de instrumentos, máquinas e ferramentas.

### **COMPETENCIA DIXITAL**

A competencia dixital implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para favorecer o seu uso na redonda laboral, potenciar a aprendizaxe, xestionar o tempo libre e contribuír á participación na sociedade.

Para alcanzar estes fins, o desenvolvemento da competencia artéllase arredor dos seguintes ámbitos:

- A información, particularmente a xestión da información, o coñecemento dos soportes a través dos cales se difunde e o uso de motores de procura.
- A comunicación, desenvolvendo o coñecemento dos medios de comunicación dixital e a utilización de paquetes de software de comunicación
- A creación de contido, centrándose no uso de diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes) e programas/aplicacións para crear contidos.
- A seguridade, que implica coñecer os riscos asociados ao uso das tecnoloxías ou de recursos online e as estratexias ou actitudes adecuadas para evitalos
- A resolución de problemas, centrada no uso de dispositivos dixitais para resolver problemas e a identificación de fontes para buscar axuda teórica ou práctica.

### **APRENDER A APRENDER**

A competencia aprender a aprender caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe.

É unha competencia fundamental para facilitar a aprendizaxe ao longo da vida e artículase arredor de:

- A capacidade para motivarse a aprender, que depende da curiosidade e da conciencia da necesidade de aprender do alumnado.
- A organización e xestión da aprendizaxe, que require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe na realización das tarefas de aprendizaxe.

Ao mesmo tempo, a organización e xestión da aprendizaxe desenvólvese a través de dous aspectos clave da competencia para aprender a aprender:

- A comprensión de procesos mentais implicados na aprendizaxe: que se sabe ou descoñece e o coñecemento de disciplinas e estratexias para realizar unha tarefa.
- A adquisición de destrezas de autorregulación e control fundamentados no desenvolvemento de estratexias de planificación, revisión e avaliación.

## COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

### a) A competencia social

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo en relación á saúde, tanto física como mental, e ao estilo de vida saudable que a favorece.

Esta competencia está estreitamente ligada ás redondas sociais inmediatas do alumnado e artéllase a través de:

- Os coñecementos que permitan comprender e analizar de forma crítica os códigos de conduta e os usos de distintas sociedades e redondas.
- A comprensión de conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e á non discriminación.
- O recoñecemento das dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas.

### A competencia cívica

A competencia cívica baséase no coñecemento dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís. Este coñecemento supón á súa vez:

- A comprensión de como se formulan ditos conceptos na Constitución, na Carta dos Dereitos Fundamentais da UE e outras declaracións internacionais.
- A aplicación de ditos conceptos en diversas institucións de ámbito local, rexional, nacional, europeo e internacional.
- A identificación dos acontecementos contemporáneos máis destacados e a comprensión de procesos sociais e culturais da sociedade actual.

A competencia cívica supón, ao mesmo tempo, o desenvolvemento dunha serie de destrezas que se centran en:

- A habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público e para manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que lle afecten á comunidade.
- A reflexión crítica e creativa e a participación construtiva nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato.
- A toma de decisións nos contextos local, nacional ou europeo e, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica.

## SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos, para o que se require:

- Adquirir conciencia da situación que se quere intervir ou resolver.
- Planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, coa fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Estes fins acádanse na competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor a través dos seguintes ámbitos:

- A capacidade creadora e de innovación centrada no desenvolvemento da creatividade, o autocoñecemento, a autonomía, o esforzo e a iniciativa.
- A capacidade pro-activa para xestionar proxectos que implica destrezas como a planificación, a xestión e toma de decisións ou a resolución de problemas.
- A capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza en diferentes contextos e situacións.
- As calidades de liderado e de traballo, tanto individual como formando parte ou liderando un equipo.

- O sentido crítico e da responsabilidade, en especial no que á asunción das propias responsabilidades se refire.

### **CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI**

A competencia en conciencia e expresións culturais artículase arredor dos seguintes aspectos:

- Coñecer as manifestacións culturais e artísticas valorándoas como unha fonte de enriquecemento persoal e como parte do patrimonio dos pobos.
- Desenvolver a propia capacidade estética e creadora vinculada ao dominio das capacidades relacionadas con distintos códigos artísticos e culturais.

Estes aspectos da competencia en conciencia e expresións culturais desenvólvese ao mesmo tempo a través de:

- O coñecemento de xéneros, estilos, técnicas e linguaxes artística.,
- O desenvolvemento da capacidade e interese por expresarse e comunicar ideas.
- A potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación.
- O interese polas obras artísticas e a participación na vida cultural da redonda.
- A capacidade de esforzo e a disciplina necesarias para a produción artística.

### 3. CONCRECIÓN DOS OBXETIVOS PARA BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- a. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b. Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdes e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudos e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar, tanto en súa expresión oral como escrita, a lingua castela e, en o seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.
- f. Expresarse co fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeras.
- g. Utilizar co solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h. Coñocer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, o seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu entorno social.
- i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da moidades elegida.
- j. Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñocer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto hacia o medio ambiente.
- k. Afianzar o espírito emprendedor co actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza en uno mesmo e sentido crítico.
- l. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade vial.
- o. Valorar, respecto e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuir á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

**A. 2º Bach**

Antes de iniciar a concreción para cada estándar de aprendizaxe quería precisar que o equivalente no marco común europeo correspondente a 2ºbachelorato sería un B1.

**Bloque 1. Comprensión de textos orais - 2ºBach**

Estándares	Temporalización			Mínimos	*Procedimentos de avaliación		
	I	II	III		CE-LE-TI-T2	Obs. dir	Pruebas (exámenes)
					10%	10%	80%
<p>▪ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</p>	X	X	X	Nas actividades de aula persevera no seu proceso de comprensión (global, detallada) facendo anticipacións e inferindo o que non se comprende		X	
<p>▪ SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.</p>				Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes orais			
<p>▪ SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa,</p>							



información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.							
<ul style="list-style-type: none"> <li>SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles.</li> </ul>	X			Entende o que se lle di en xestións cotiás como:  *nunha tenda de roupa  *nun restaurante		X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiás ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito.</li> </ul>	X	X	X	Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa explicacións básicas e opinión sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiás ou menos habituais como :  *nuha tenda de roupa  Comprende a formula de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos como os temas de actualidade		X	
<ul style="list-style-type: none"> <li>SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións</li> </ul>				Identifica con apoio visual as ideas principais e información relevante en presentación ben estruturadas sobre temas			

<p>ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.</p>			coñecidos			
--	--	--	-----------	--	--	--

**Bloque 2. Producción de textos orais - 2º Bach**

Estándares	Temporalización			Mínimos	*Procedimientos de avaliación		
	I	II	III		CE-LE-TI-T2	Obs. dir	Pruebas (exámenes)
					10%	10%	80%
<p>▪ SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.</p>	X	X	X	Participa activamente en intercambios comunicativos na aula		X	
<p>▪ SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.</p>	X	X	X	Fai presentacións breves con apoio visual sobre temas ocupacionais do seu interese organizando a información básica de maneira coherente		X	
<p>▪ SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos</p>				<p>Participa de forma adecuada en conversas informais cara a cara ou por teléfono sobre asuntos cotiáns ou menos habituais como:</p> <p>*nunha tenda de roupa</p>			

<p>habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.</p>	<p>X</p>	<p>X X</p>	<p>*nun restaurante  *as vacacións (no mar)  nas que intercambia información, expresa opinión, narra e describe feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro.</p>		<p>X X X</p>	
<p>▪ SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.</p>			<p>Desenvólvese adecuadamente e utiliza</p>			
<p>▪ SLEB2.5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente</p>			<p>Toma parte en conversas formais como entrevistas ou reunións sobre temas habituais</p>		<p>X</p>	

sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.							
--	--	--	--	--	--	--	--

### Bloque 3. Comprensión de textos escritos - 2º Bach

Estándares	Temporalización			Mínimos	*Procedimentos de avaliación		
	I	II	III		CE-LE-TI-T2	Obs. dir	Pruebas (exámenes)
					10%	10%	80%
<ul style="list-style-type: none"> <li>SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.</li> </ul>							
<ul style="list-style-type: none"> <li>SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados</li> </ul>							

con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.).							
▪ SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).							
▪ SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.							
▪ SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.							
▪ SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan							

documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro).							
▪ SLEB3.7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.							

#### Bloque 4. Producción de textos escritos – 2º Bach

Estándares	Temporalización			Mínimos	*Procedimentos de avaliación		
	I	II	III		CE-LE-TI-T2	Obs. dir	Pruebas (exámenes)
					10%	10%	80%
▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.	X	X	X	Escribe correspondencia persoal e participa en blogs nos que describe experiencias e sentimentos.  Narra feitos relacionados co seu ámbito de interese actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios	X		X

<p>▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.</p>	X		Completa un cuestionario detallado con información persoal			
<p>▪ SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.</p>			Escribe notas, mensaxes nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas			
<p>▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.</p>		X	<p>Escribe correspondencia formal básica dirixida a institucións públicas como :</p> <p>*unha asociación ecoloxista</p> <p>Destinada a dar información sobre a súa experiencia e solicitar un servizo o</p>	X		
<p>▪ SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo</p>			Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais nos que describe situación, persoas, obxectos e lugares e narra acontecementos			



brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.							
---	--	--	--	--	--	--	--

**Bloque 5. Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe\_**  
**2º Bach**

Estándares	Temporalización			Mínimos	*Procedimentos de avaliación		
	I	II	III		CE-LE-TI-T2	Obs. dir	Pruebas (exámenes)
					10%	10%	80%
<ul style="list-style-type: none"> <li>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</li> </ul>	X	X	X	Produce léxico (o 50% do léxico de cada unidade previamente indicado) e utiliza estruturas básicas  Distingue fonemas	x		X
<ul style="list-style-type: none"> <li>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua</li> </ul>	X	X	X	Utiliza de forma adecuada as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais		X	

meta.							
▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	X	X	X	Nas actividade de aula pode explicar o proceso de hipóteses de significados		X	
▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	X	X	X	Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais.		X	

**Procedimentos de avaliación :**

**\*10% :**

TI : traballo individual (redacción, cuestionario)

T 2 : traballo por parella (esencialmente diálogos) e traballo na clase

CE : Caderno de actividades, material entregadas pola profesora (tarefas en casa)

**\*10 % :**

Obs. dir : observación directa : participación, expresión oral, esforzos, interés.

**80% probas ou exames.**

## **Contenus lexicaux, grammaticaux et phonétiques**

### **Lexique**

1. Les vêtements, les accessoires et les chaussures.
2. Les animaux domestiques et les animaux sauvages.
3. Les repas et les aliments.
4. En ville
5. À la mer.
6. La pollution et la protection de l'environnement.
7. La sécurité.
8. Décrire un objet.
9. Révision du vocabulaire des années antérieures.

### **Grammaticaux**

1. Les pronoms démonstratifs, les pronoms possessifs
2. La négation
3. Les pronoms indéfinis
4. Les prépositions **en** et **dans**
5. L'imparfait, l'imparfait, le conditionnel présent, le futur, le subjonctif présent, le plus-que-parfait, le conditionnel passé, le participe présent.
6. L'accord du participe passé avec l'auxiliaire avoir
7. Les verbes en –aindre, -eindre et –oindre au présent de l'indicatif
8. Les pronoms personnels doubles
9. Les pronoms relatifs qui, que, où, dont
10. Le superlatif
11. La phrase hypothétique
12. Les verbes boire et savoir
13. Les pronoms interrogatifs
14. Les adjectifs indéfinis
15. La formation des adverbes de manière
16. Les pronoms indéfinis
17. La forme passive
18. La forme restrictive
19. Révision des contenus antérieurs si c'est nécessaire.

## PHONÉTIQUES

- Les voyelles.
- Les semi-voyelles.
- Quelques groupes consonnatiques importants pour la prononciation.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIERE A MATERIA E MATERIAIS E RECURSOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

### A. Metodoloxía

Ata este curso escolar utilizaronse os métodos da editorial Vicens Vices chamados “À vrai dire ” para 2º Bachelato. É a editorial que tiña o departamento como referencia para o alumnado, xa que son os libros xa establecidos polo Centro anteriormente. Durante este curso estes libros servirán de guía, pero decidín que non os mercaran debido a que tamén facemos outro tipo de actividades de gramática, de vocabulario e de comunicación de manuais que hai no departamento para complementar. Para non ocasionar un gasto extra ás familias decidimos no departamento que este libros de “A vrai dire” servirán de guía, pero que tamén colleremos actividades doutras fontes.

Preténdese que os alumnos consigan desenvolver competencias lingüísticas e socio-lingüísticas e que poidan certificar ditas competencias.

Para garantir esta eficacia, o profesor levarao a cabo con claridade e rigor, as estratexias e consellos para aprender a aprender. Multiplicará as actividades e as prácticas para todas as competencias, a partir de documentos de variada tipoloxía.

O profesor non transmite coñecementos fóra de contexto, senón que pretende desenvolver todas as competencias cun fin práctico real, competencias que tenderán a aproximarse ás competencias na lingua materna.

O profesor propón unha aprendizaxe rigorosa da gramática e do léxico, pero que estes nunca representan un fin en si, senón ferramentas para chegar aos fins comunicativos no sentido máis amplo da palabra.

Posto que se prepara para falar en sociedade, as actividades que mobilizan competencias son múltiples: trátase de practicar en contextos variados diferentes tipos de interacción verbal.

Esta variedade de perfís poderase dar na mesma clase, pero ao final de cada unidade, os alumnos reuniranse para realizar unha tarefa común, concreta, en que compartirán e compensarán uns con outros capacidades e personalidades.

As líneas xerais de actuación serán as seguintes:

**A producción oral** se traballará fundamentalmente mediante a realización de jeux de rôle, o uso do francés como lingua de comunicación na aula, intercambios orais entre profesor e alumnos e a realización de pequenos xogos. A participación dos alumnos na aula debe incentivarse e valoraremos positivamente os seus esforzos por comunicarse en francés. Se insistirá en que o alumnado empregue o francés (dentro das súas limitacións) para comunicarse co profesor e cos compañeiros. Fomentaremos unha pronuncia intelixible e certa fluidez en fórmulas habituais, evitando corrixir constantemente cuestións gramaticais ou fonolóxicas. Débense corrixir se interfieren na comunicación e a posteriori, unha vez realizada a tarefa, cando non afecte ó desenvolvemento desta.

**A comprensión oral** se traballará mediante a realización de exercicios sistemáticos centrados na comprensión global e específica de documentos sonoros e audiovisuais breves e sinxelos. Procuraremos que os documentos utilizados estean dispoñibles en internet para que os alumnos poidan volver a escoitalos na casa se o desexan. Moitos alumnos desanímanse cando non entenden todo o que se di no documento á primeira, e deixan de esforzarse por intentar comprendelo, aínda que sexa so parcialmente. Insistirase na tolerancia da comprensión parcial e na perseverancia no esforzo de comprensión, escoitando os documentos varias veces. Na aula, o profesor utilizará o francés como lingua de comunicación, o que supón unha exposición do alumno á lingua e unha práctica, polo tanto, desta destreza. Empregarase un vocabulario adecuado ó nivel dos alumnos e procurarase que a dicción sexa clara e que o ritmo non sexa moi rápido.

**A comprensión escrita.** É a destreza na que os alumnos adoitan ter menos dificultades. Sen embargo, algúns bloquéanse cando atopan algunha palabra descoñecida nos textos. Traballaremos estratexias que lles permitan inferir significados e recordarémolles que non é necesario coñecer todas as palabras dun texto para comprender o seu significado global.

**A producción escrita** é quizais a destreza máis difícil para os alumnos, que teñen tamén dificultades par expresarse de forma cohesionada e coherente na súa lingua materna. Traballaremos esta destreza fundamentalmente a partir de textos modelo que se analizarán para comprobar como se pode redactar un texto ben estruturado cuns coñecementos limitados do idioma. Unha vez traballado o texto modelo e os elementos que fan del un bo texto o alumno deberá completar a tarefa establecida apoiándose nas expresións e estruturas traballadas.

**A aprendizaxe da gramática e do léxico.** Os exercicios de gramática, ortografía ou léxico introducíranse en función dunha tarefa concreta, para axudar ó desenvolvemento desta, antes dela (como actividade de planificación) ou despois (como actividade de reforzo). Os alumnos realizarán este tipo de exercicios fundamentalmente fóra da aula. Evitarase na medida do posible o uso de metalinguaxe nas explicacións e utilizaremos como punto de partida os coñecementos previos do alumnado noutras linguas.

Para procurar o dinamismo na clase e evitar monotonía procuraremos alternar as tarefas relativas ás diferentes destrezas (aínda que daremos prioridade ás actividades de expresión e comprensión oral, máis difíciles de facer na casa) e fomentaremos as actividades comunicativas de tipo práctico e o máis lúdicas posible.

Potenciaremos a motivación do alumnado (factor clave para a aprendizaxe do francés) mediante as seguintes estratexias: valorar os logros dos alumnos (aínda que non alcancen as expectativas), fomentar actividades participativas nas que o alumno sexa protagonista e teña oportunidade de falar, utilizar xogos didácticos, contribuír a un bo ambiente de clase mostrando un interese persoal polos alumnos, plantexar os

obxectivos como alcanzables, propoñer exercicios voluntarios e valorar (especialmente nas tarefas de produción escrita) os aspectos positivos ademais de facer notar os erros.

### **B.Materiais e recursos**

- Fotocopias
- Audios e cancións
- Diálogos
- Documentos reais (con ou sen adaptación)
- Vídeos
- Proxector e taboleiro dixital
- Internet
- Ocasionalmente biblioteca ou sala de informática
- Extractos de películas en versión orxinal e subtítuladas en francés

## 6. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### a. CONSIDERACIÓNS PREVIAS SOBRE A AVALIACIÓN

#### A AVALIACIÓN INICIAL :

Se fara unha avaliación inicial que permite detectar dificultades importantes de aprendizaxe que dificultase a asimilación dos contidos programados, comunicará a situación ao Departamento para adoptar as medidas correctoras na devandita programación e incluír tal decisión na memoria anual do centro.

**A AVALIACIÓN CONTINUA, FORMATIVA E INTEGRADORA** desenvolverase ao longo do curso. A **observación directa na aula** permitirá avaliar moi especialmente os aspectos actitudinais e procedimentais de cada alumno. Esta observación facilitará a detección de necesidades e problemas na aprendizaxe que precisan un prantexamento diversificado e persoal.

Ademais, as actividades/ tarefas na aula posibilitan unha primeira aproximación á avaliación das habilidades comunicativas, da reflexión sobre a lingua e dos aspectos socioculturais.

Xunto coa observación directa o alumnado fará **probos**.

**No tocante Á AVALIACIÓN FINAL farase a baremación da nota final do alumno/a e se fose necesario se lle notificarán as orientacións do profesor ou profesora para superar a proba extraordinaria de setembro.**

### b. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN: INSTRUMENTOS:

Posto que se entende a avaliación como un proceso total e continuo, ésta teñe que estar presente en todo tipo de actividades e no solamente en momentos puntuales. Debe atender a todos os ámbitos da persona, e no sólo ós puramente cognitivos.

Os procedementos para obter información son os seguintes :

- **OBSERVACIÓN DIRECTA DO TRABALLO NA AULA E NA CASA**

A observación directa do traballo na aula e na casa tera en conta:

**Aspectos procedimentais:** Participación activa nas actividades propostas coa intenciónalidade de mellorar, realización dos deberes, elaboración de material, orde e limpeza nas devanditas actividades.

**Aspectos actitudinais:** Respetto e tolerancia cara os compañeiros, profesor, aspectos socioculturais da materia nas actividades da clase.

**Esforzos, interés a aprender e que facilite a aprendizaxe dos demais // Decreto 86/2015 do 25 de Xuño**

Puntuarase de **1 a 10** e a súa valoración será **20% da nota de avaliación**

O 20 % se distribuye desta maneira :

\*10% : observación directa (esfuerzo, interés, participación)

\*10% : tarefas (do cuadernillo de exercicios, do libro do alumno, traballo individual o por parella)

- **PROBAS OBXECTIVAS**

**Proporanse probas obxectivas con actividades semellantes ás realizadas en clase.** Se procurará valorar de forma equilibrada a comprensión oral e escrita así como a produción escrita (é dicir, habilidades comunicativas) e a reflexión sobre a lingua.

**A avaliación da expresión oral farase por obsevación directa das distintas actividades orais realizadas en clase.**

Haberá unha ou dúas ou máis **probas obxectivas** xerais para todo o grupo **por avaliación**. En 2ºBacherelato, a parte oral e a parte escrita terán un valor diferente. Isto débese a que se se presentan as probas ABAU na materia de francés só se avaliarán da parte escrita. Deste xeito, vanse preparando máis na obtención dunha boa nota nesta proba de acceso a Universidade. As porcentaxes quedarían do seguinte xeito a comprensión escrita e produción escrita terá un valor do 60%. A parte da produción oral e expresión oral terá unha porcentaxe do 40%.

Puntuarase de **1 a 10** e a súa valoración será **80 % da nota da avaliación**.

**\* Se, na proba obxectiva, se detectase (incluso con posterioridade ao exame) que un alumno ou unha alumna de alguna maneira copiou a súa nota será de "0" na devandita proba.**



Tanto na observación directa como nas probas teranse en contas os criterios de avaliación correspondentes a cada curso que conste a lexislación (normativa)

## **CUALIFICACION E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

### **a. Criterios de cualificación da materia e promoción do alumno**

- Se o alumno aproba todas as avaliacións, o curso está aprobado.
- \*Para obter unha avaliación positiva no curso, deberán aprobarse dúas avaliacións, sendo unha delas a terceira.
- Os alumnos que suspendan a terceira avaliación terán unha proba do último trimestre . De non aprobar, terán que ir a un exame en xuño.
- Os alumnos que no aproban dúas avaliacións, sendo unha delas a terceira, terán que facer un examen global . De non aprobar, terán que ir a unha proba no mes de xuño.
- Os alumnos que desexen subir nota ao final do curso, terán a posibilidade de facer un exame global despois da terceira avaliación. A nota que leve pode ser superior ou igual á que tiñan, pero non inferior debido a dificultade e a importancia deste último curso. **A media farase sumando a nota de todo o curso máis estoura nota.**

**Dado que non se poden poñer decimais no boletín de notas**, seguiranse os criterios seguintes: ata as catro décimas, (0,1-0,4) redondéase cara a nota inferior . Por exemplo, 5,4 levaría un 5; e dende a quinta décima en adiante, (0,5-0,9) farase cara arriba. Un 5'5 significaría un 6. Para obter un aprobado na avaliación debese chegar ó 5. É dicir o aprobado estaría nun 5 e a partir de aí redondearase hacia arriba ou ben hacia abaixo segundo os decimais. Para a obtención dun 10 na avaliación, poñerase un 10 a aquel alumnado que obteña unha media de 10 ou ben aquel alumnado que obteña unha media a partir de 9'7.

Para a cualificación final terase en conta a mellora do alumno durante todo o curso.

## **7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, a través dos indicadores de logro incorporados na programación docente.

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Os indicadores de logro permítenos avaliar en cinco niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este feito permítelle ao docente, ao mesmo tempo, avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solucionar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

#### Valoración por SÍ ou NON

Realizáronse tarefas de expresión oral.

Realizáronse tarefas de comprensión oral.

Realizáronse tarefas de expresión escrita.

Realizáronse tarefas de comprensión escrita.

Traballouse tanto a lingua oral coma a escrita, dándolle a mesma importancia ás dúas. Fomentouse o uso do francés para comunicarse na aula.

Desenvolvéronse estratexias que permitan aos alumnos mellorar a súa comprensión e as súas producións orais e escritas.

Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.

Prestouse atención aos elementos transversais.

Consegiuse despertar o interese do alumnado.

Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.

Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.

Ofreceuse a cada alumno as explicacións individualizadas que precisou.

Combinouse o traballo individual e en equipo.

Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

O peso atribuído a cada unha das destrezas na avaliación foi equilibrado.

Dáse un peso real ó traballo realizado na aula, tanto oral coma escrito.

Ofrécense ao alumnado os resultados das probas e traballos.

Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.

O material utilizado foi adecuado.

O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.

Impartíronse todos os contidos programados.

## **8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDIENTES**

Neste curso 2022/2023 non hai alumnos que teñen a materia pendente.

## **9. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑOCEMENTOS NECESARIOS DOS CONTIDOS PROGRESIVOS.**

Os profesoras do departamento arbitrarán os procedementos que consideren necesarios para comprobar que os alumnos van mellorando progresivamente. Poidan facerlo por medio de controles, recollida de traballos, observación en clase, ou calquera outro método que lle sexa útil a tal efecto.

## **10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

### **a. Deseño da avaliación inicial**

- En 2º de Bacharelato, para a realización da avaliación inicial:
  - Terase en conta o seguimento da programación no curso anterior, cualificación da materia en cada alumno e os comentarios existentes sobre o grupo e o alumnado.
  - Nas primeiras clases, por observación directa na aula e mediante actividades escritas e orais, comprobaranse os coñecementos previos do grupo.

### **b. Medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados**

Ó inicio do curso se lles pedirá que fagan unhas actividades orais de repaso para avaliar o nivel inicial do alumnado. Por outra banda, tamén se recabará información académica (estudios previos de francés, materias pendentes, repetición de cursos,

etc.) e persoal (situación familiar, necesidades educativas especiais, etc.) que poida afectar ó proceso de ensino/aprendizaxe.

Neste sentido, pedirase información ós alumnos, ós profesores de anos anteriores e, de ser necesario, á orientadora do centro e ás familias.

Como consecuencia dos resultados da avaliación inicial poderanse tomar as seguintes medidas:

Medidas colectivas:

- Repaso de algún tema concreto no que o alumnado teña especial dificultade.

Medidas individuais:

- Actividades e exercicios adicionais de repaso e consolidación.

## **11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A concreción das medidas de atención á diversidade incorporaranse á programación logo de coordinar accións o Dpto. de Orientación cos outros departamentos. Porén, se o profesor ou profesora do curso detectase en parte do alumnado ou nun alumno ou alumna en particular dificultades no proceso de aprendizaxe a pesares do esforzo persoal, fará unha atención personalizada na medida do posible (existe unha dificultade engadida nos grupos numerosos) con explicación oportunas e tarefas de menor dificultade.

Pola outra banda, aqueles alumnos e alumnas que asimilan con facilidade e rapidez os contidos, farán actividades de maior complexidade

As actividades, entón, estarán dirixidas ben ao alumnado que remata antes o seu traballo, ben ao que precisa traballar máis ou “doutro xeito” algún contido concreto (actividades de reforzo), incluíndo así mesmo actividades para explotar a oralidade (actes de parole) e atender ás diversas necesidades e ritmos de adquisición que amose cada grupo de alumnos e alumnas.

Deste xeito, as medidas de atención á diversidade dentro da aula de Francés centraranse en:

Tempo e ritmo de aprendizaxe.

Metodoloxía personalizada (con fichas de reforzo, tarefas para realizar individualmente no centro ou na casa).

## **12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.**

A educación ten coma finalidade o desenvolvemento integral do alumno, que non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar ós alumnos para

integrarse na sociedade, sabendo responder de maneira adecuada ós problemas que esta sociedade presenta. Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente e manifestarse a través dos temas transversais.

En todos os cursos, trataránse os temas transversais indicados na LOMCE. Tamén tomaráse en conta o temas que o tutor, a dirección do IES ou o Departamento de Orientación indican.

A materia de Francés, coa lectura de textos variados, préstase á reflexión sobre temas transversais como :

1. Educación para a paz e a cooperación internacional:

-Educar para a acción. As leccións de paz e o coñecemento de organismos comprometidos coa paz deben xerar estados de conciencia e conductas prácticas.

-Entrenarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

2. Educación moral e cívica.

-Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.

3. Educación para a igualdade entre ambos sexos.

-Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.

-Analizar críticamente a realidade e correxir prexuícios sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc...

4. Educación ambiental:

-Adquirir experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.

-Desenvolver capacidades e técnicas de relacionarse co medio sen contribuir ó seu deterioro, así como hábitos individuais de protección do medio.

5. Educación para a saúde.

-Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.

6. Educación vial.

-Sensibilizar ao alumnado sobre os accidentes e outros problemas de circulación.

-Adquirir conductas e hábitos de seguridade vial como peóns e como usuarios de vehículos.

7. Educación para o consumidor.

-Desenvolver un coñecemento dos mecanismos de mercado, así como os dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.

-Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa críticamente ante o consumidor e a publicidade.

Desde a dinámica da aula de lingua trataremos os temas transversais a través de:

-Actividades que se desenvolven en grupo, xa que éstas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

-Constitución de agrupamentos non sexistas e distribución igualitaria de tarefas. Favorece a igualdade entre os xéneros, sobre todo nesta materia, xa que bastantes alumnos teñen que vencer a dificultade engadida dun ambiente que non favorece o seu interese e gusto natural pola linguas, xa que determinados sectores da nosa sociedade vinculan ó estereotipo feminino aquelas actividades e profesións "de letras".

-Reflexións morais a partires dos textos e, a partires delas, diálogo na aula.

-Análisis de usos discriminatorios da linguaxe. As unidades de gramática poden ser un bo instrumento para traballar con empregos non sexistas ou racistas da linguaxe e, en xeral, calquera uso que implique unha discriminación a través da lingua.

O problema fundamental que encontra o profesor á hora de traballar cos temas transversais, é que, con demasiada frecuencia, os alumnos responden o que creen que

o profesor quere oír e non o que pensan realmente. Para evitar isto, é fundamental que creemos un ambiente de confianza e respecto no que os alumnos poidan expresarse con liberdade e sentan que as súas opinións poden ser utilizadas.

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS PARA A ESO E O BACHERELATO**

Durante este mes de outubro deste curso 2022/2023 levamos a cabo , xunto coa colaboración do departamento de Orientación, un intercambio de alumnos. Fixemos un intercambio co Lycée Pays de Retz. Foron 22 alumnos do IES Primeiro de Marzo, a saída realizouse o martes 4 de outubro e o regreso foi o luns 10 de outubro. O alumnado estivo acollido nas casas dos seus correspondants. Os estudantes franceses estiveron do luns 17 de outubro ó domingo 23 de outubro. Foi un encontro moi enriquecedor posto que o alumnado pudo poner en práctica os seus coñecementos lingüísticos e o mesmo tempo fixo un esforzo de adaptación importante na integración doutros hábitos culturais.

No 2ºtrimestre tratarei de traer un contacontos en francés, sobre todo para o alumnado de 1ºESO e 2ºESO.

Outra actividade que me gustaría levar a cabo ó longo, ben do segundo trimestre ben ó longo do terceiro trimestre, sería levar ó alumnado de francés a ver unha película en versión orixinal, nunha sala de cine.

### **14. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

En toda práctica docente, un dos aspectos que hai que avaliar, é, sen dubida, a maneira en que os docente desarrollan o seu labor.

Isto realizarase con sistemas como:

Reflexión do docente sobre a consecución de obxetivos, métodos, idoneidade dos medios empregados en cada curso concreto.

Aportación do Departamento sobre a marcha do curso en diversos aspectos, en base aos resultados académicos obtidos.

Suxerencias e aportacións do departamento de Orientación, profesorado de apoio e outros docentes, así como de Xefatura de Estudos, sobre o rendimento dos alumnos.

Estudo comparativo dos resultados obtidos por un alumno determinado en outras asignaturas do mesmo ámbito, por exemplo, lingua castela, lingua galega, inglés, latín.

O profesor analizará o seu labor para mellorar cada día para contribuir a unha mellora calidade do ensino.

A memoria do fin de curso servirá, tamén, para analizar os aspectos indicados anteriormente e para mellorar o que sexa necesario no curso posterior.

Nas horas de xefatura de departamento, deberá plasmarse todos estes aspectos no libro de actas do departamento de francés.

Un procedemento a ter en conta será pasar un cuestionario ó alumnado para que valore que puntos debe reforzar, e en que puntos se sente máis seguro ou domina máis. Se ben a expresión oral lle custa máis ou ben a comprensión oral, etc.

